

**ACTA DÁ SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO  
CONCELLO PLENO O DÍA 8 DE AGOSTO DE 2017**

No Salón de Sesións dá Casa Consistorial do Concello de Muras, o oito de agosto de dous mil dezasete, reunese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública extraordinaria e urxente, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL  
DON CARLOS CARBALLES PENABAD  
DON MARIO ROUCO REI  
DON JOSE DANILO REQUEIJO CASTRO  
DONA ROSARIO CELIA REI LOPEZ  
DON JOSE PAJON PENABAD

Dá fe do acto a Secretaria do Concello dona Silvia Lamelas Soto.

Sendo as trece horas e trinta minutos pola Presidencia declarase aberta a sesión.  
De seguido, sometendose a debate e aprobación do seguinte asunto;

**1.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN**

Sr. Alcalde:

Ben, imos empezar este pleno extraordinario de oito de xullo de dous mil dezasete. Bueno o primeiro punto do día é único

Sra. Secretaria:

no, son dos puntos.

Sr. Alcalde:

son dous puntos.

Sr. Secretaria:

Primero hai que votar a urxencia da sesión

Sr. Alcalde:

Ben, vamos ver de aprobar ou non a urxencia de traer esta cuestión a pleno, é decir, detectáronse uns errores no "Proxecto de Mellora de Eficiencia Enerxética do alumado público das zonas rurais do Concello de Muras". Son uns pequenos errores, pero bueno, unha das empresas, estaba abierto o procedemento de licitación, unha das empresas púxose en contacto con nos e houbo que facer unha modificación. Os licitadores teñen de prazo ata o doce de xullo para presentar as suas ofertas. Entón, entendemos que detectados estos errores, e como diximos, bueno, isto é fundamental para que os licitadores poidan presentar as suas ofertas e por iso é que se considera necesaria a celebración deste pleno con carácter extraordinario e urxente.

Non hai intervencións

Sometese o punto a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor, acordan a urxencia da sesión

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, SA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE MURAS**

**MANUEL REQUEIRO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto que o Concello de Muras quere levar a cabo o proxecto denominado “Mellora da eficiencia enerxética do alumeadoo público das zonas rurais do Concello de Muras”.

Visto que no proxecto aprobado polo Pleno extraordinario do pasado 26 de xuño de 2017, detectáronse errores, o cal implica que o redactor do proxecto tivo que procer á enmenda dos mesmos.

Visto que o procedemento de licitación xa comenzóu e que os licitadores teñen de prazo ata o 12 de xullo para presentar a súas ofertas, e que os errores detectados e corregidos son fundamentais para que os licitadores poidan presentar as súas ofertas, e por elo polo que se considera ncesaria a celebración deste pleno con carácter extraordinario e urxente.

É, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Corresponde ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.

É por elo polo que propón ao Pleno a adopción do seguinte acordó:

**PRIMEIRO:** APROBAR o proxecto da obra “Mellora da eficiencia enerxética do alumeadoo público nas zonas rurais do Concello de Muras”, redactado polo enxeñeiro don Juan Manuel Ramón Gómez, cun presupuestu de execución material de 152.673,08 euros (IVE excluido) o cal suscita ao proxecto anteriormente aprobado e visado con data 01.06.2017 visado nº 1264/17-CO.

**SEGUNDO.-** Remitir o novo proxecto aprobado a todos e cada un dos licitadores que solicitaron se lles remitirá o proxecto para que poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.

Aberto o debate, producense as seguintes intervencións:

**Sr. Alcalde:**

Ben e o seguinte punto é aprobar un novo proxecto. O proxecto segue sendo o mesmo “A Mellora de Eficiencia Enerxética do Alumeadoo Público das Zonas Rurais do Concello de

Muras", só, bueno, falado co redactor do proxecto había pequenos erros. Nalgún momento da redacción do proxecto falábbase de postes naqueles lugares donde hai que colocar de sete metros de altura pero en realidade eran nove. Falábbase de bombillas LED de corenta, son corenta watisos as que se van empregar, e nalgún sitio aparecían trinta e nove. Esto parece ser que o tema do, debido a un corta e pega i por eso aparecían esos erros. A maiores disto tamén aparecía unha discrepancia sobre o cableado a empregar. Xa se ten subsanado, bueno non son experto pero bueno parece ser que había unha problemática co cableado a empregar i modifícoselle esta cuestión. I entón o proxecto queda como estaba con estas modificacións. Non sei se Danilo queres decir algo.

Sr. José Danilo:

Sí, porque o outro día foi Santomé ás Cuíñas e alí estuvo Belén.

Sra. Belén Chao:

Sí.

Sr. José Danilo:

E ahora seica ben o proyecto pa poñer os postes, eu o que quero é que me alumén de frente, igual que todos os veciños. Tu se tes a farola pegada na casa alúmache todo pa diante, pero se a tes de frente o que che alumá é a parte do lousado e o ese. A ver como queda, esa é unha cousa que hai que mirar moito. Eu xa foi o que lle dixen o outro día cando Paco preguntou a cuestión.

Sr. Alcalde:

¿Algo mais?

Sr. José Danilo:

a falar teñen que ir pero eles a casa, e que che alumén cara adiante. A min que me importa que me alumén o lousado se vai nos postes. Pero aquel día xa llo dixemos ao rapaz, que estaba Belén. Xa foi o que se lle explicou ao rapaz e as casas igual, cada un, primeiro haberá que probar e que lles alumé aos veciños onde queiran eles, non vaian facer unha trangallada.

Sr. Alcalde:

No caso das Cuíñas, bueno como en tódolos núcleos rurais, naquelas casas onde se pon a farola na fachada da casa hai que asinar unha autorización. Creo lembrar, así por encima, que se subeu ou se enviou un técnico municipal a túa casa i que no seu momento se nos dixo que bueno, que primeiro se iba a mirar se alumaban as farolas ou no i que logo se firmaría a autorización. Non sei se estás ao tanto desta cuestión. É decir, a min o que me trasladaron foi eso, entonces, claro, nos dixemos no principio, á hora de redactar este proxecto, i logo seguimos mantendo, que a luz ta vamo a dar a tódolos veciños e a tódalas cuíñas i entonces se non temos autorización para poner a farola na casa vamos a poñela no poste, porque no poste non necesitamos autorización, Danilo. Entón esa foi a cuestión, non sei se estabas ao tanto. En principio, esta foi a resposta que traxemos, que hasta que se, as farolas estivesen funcionando e se vía se alumaban ou non alumaban, non se iba firmar ningunha autorización.

Sr. José Danilo:

no, pero aquel día, mais estaba Belén diante, aquel día xa se lle dixo que a puñaran nesta outra farola, igual que María Jesús, igual que todo dios. Porque así alúmache pa diante, a min que me alumé o lousado. O que expliquei o outro día da farola da Volta, o que preguntaba meu primo. A farola da Volta alumá, pero atrás da farola xa non alumá

Sr. Alcalde:

si, si, se compartilmos iso, Danilo. Simplemente o que estou decindo a maiores, Belén sí que é certo que subiu co redactor, alí, para ensinarlle onde era o lugar. Pero a maiores diso, un

técnico do Concello foi a posteriori e recollendo as autorizacións para poñer as farolas e desde a tua casa se dixo, isto foi o que me trasladaron a mi, creo que non me equivoco.

Sra. Belén Chao:  
non, eu non subín cando se foi firmar.

Sr. Alcalde:  
que hasta que non estivesen funcionando as farolas e se vise se alumaban ou non alumaban que non se iba facer ningunha autorización, non se iba asinar ningunha autorización. Entonces por iso se decide poñer no poste. De todos os xeitos, se se quiere autorización na casa, pois entendo que non hai ningún problema neste sentido. Se autorizan. ¿ Non secretaria?.

Sra. Secretaria:  
Agora xa non se pode.

Sr. Alcalde:  
¿Agora xa non se pode?

Sra. Secretaria:  
No, hai que respetar o proxecto.

Sr. Alcalde:  
Moi ben, pois agora vai no poste, Danilo.

Sr. José Danilo:  
pois iso vamos ter moi complicacións cos veciños.

Sra. Belén Chao:  
Danilo, pero entenderás que nos non che podemos poñer a farola na parede se tu non nos deixas poñer a farola na parede.

Sr. José Danilo:  
No, pero eu non creo, no, pero eu téñolle que preguntar á muller que eu non estaba e non o sei.

Sra. Belén Chao:  
Eu tampouco podo afirmar taxativamente porque eu non subín alí arriba, foi un funcionario do Concello, pero estrañaría que funcionarios do Concello mentisen tamén, non o sei.

Sr. José Danilo:  
non o sei pero a ver, eu non só falo por mi, falo pola xente, por todo o pueblo.

Sra. Belén Chao:  
O resto da xente que decideu que quería levar a farola na parede, ata onde eu sei, dimou a autorización pa poñerlle a farola na fachada da súa casa. O Concello non lle vai obrigar nin a limpar, nin lle vai poñer a farola na fachada da súa casa, da súa casa se el non quiere, se o veciño ou veciña non quere. A casa é súa.

Sr. José Danilo:  
Non sei, pero a muller non me dixo nada

Sra. Belén Chao:  
É certo que cando subín, o que estás decindo é certo, eu cando subín alá arriba, eu e mais o técnico dixéstesnos ou trasladástesnos que o preferiades na fachada pero nos, o Concello lle

salou, necesita autorización para poner a farola nunha fachada dun particular, obviamente, que a fachada non é do Concello que é dun particular, a casa é túa. E nos non te podemos obligar nin a que nos cedas a fachada nin nos podemos迫erche a fachada, perdón, a farola alí na fachada porque nos da gana. I o que se nos traslada, cando se foi a recoller a autorización é que, esto que comentou Manuel, nada más.

Sr. José Danilo:

Xa falarei ca muller, non sei. E María Jesús igual. Vai no poste e ela non a quería no poste.

Sr. Alcalde:

Pois son as dúas casas que non temos autorización, Danilo. Son as dúas casas que non temos autorización. Perdón. ¿Algo mais Danilo?

Sr. José Danilo:

No, no.

Sr. Mario Rouco:

A ver, dúas cousas. A primeira parte, sobre todo o que é o que nos leva hoxe ao pleno extraordinario. Home, espero que non haxa mais modificación puntuales do proyecto. Realmente estamos agora tramitados por un tema límite, non sabemos se son dous meses e medio ou tres e temos que cumplir iso, non podemos agora por exemplo é que haiga fallos de redacción polo copia e pega. Bueno o copia e pega, no mes de xaneiro sei que é moi factible e moi rápido e os proxectos fanse en menos tempo. Pero independentemente deso ningún de nosoutros sete, temos agora aquí competencias suficientes para saber se un proxecto esta ben ou mal, pa eso el é un técnico competente a parte ten o colexio por detrais que o ten que respaldar.

Sr. Alcalde:

o proxecto estaba visado.

Sr. Mario Rouco:

claro, claro, no no, é o que iba decir agora, por eso nosoutros agora. Por parte do Concello as cousas fixeronse ben, é decir, o técnico é competente, ou ten o que realmente, que está colegiado, anque non estivera colegiado, a partir de aí , está colegiado, visano e temos eso. Nosoutros o que temos que ter agora claro é se esto vai patrás por calquera cousa e se perde por plazos, nos temos aquí a tesitura de amañarnos con ese señor. Esa é a primeira parte.

E a segunda parte, o que falabades antes do das farolas, o das cesións e tal, non sei, Silvia supón que despois me dirá mais ou menos como vai. Independentemente deso, iso é como calquera obra, iso vamos a que hai non sei canto porcentaje de modificacións que se pode facer, porque para iso hai un director de obra, é decir, o director de obra que segue a obra. Hai unha lei que che permite facer unhas pequenas modificacións, porque se non aquí vamos moi mal, é decir, eu non sei que pasa cando hai unha carretera pa saber o ese. A min fanme o proxecto pa esa carretera menos o ive e se nesa carretera hai unha pequena modificación de obra cando chega ao presuposto general, a una porcentaxe, penso que é dun dez por cento, penso que non hai que facer unha modificación previa. Senón o director de obra terá que vir aquí, terá que facer esas modificacións e teremos que ver se esas modificacións as podemos asumir. Aí estamos falando de que está Silvia pola parte legal e despois estará o director de obra e todo eso pola parte técnica. Creo que a día de hoxe temos o proxecto posto aí. O dos postes definitivo, definitivo, haberá que estudiar ese caso a ver como é, igual sobran os postes, igual non chega a un porcentaje tan, tan grande que realmente alí nos permita seguir co proxecto.

Sr. Alcalde:

Ben, unha matización ao que dice, matización non, un comentario a maiores ao que dice Mario. Cando se presenta a subvención do Fondo de Compensación Medioambiental, hai que certificar,

por parte da persoa que certifica neste Concello, contar con tódolos permisos, autorizacións ou solicitude de autorización, bueno non sei se hai solicitude de autorizacións neste caso, i deben presentarse cando se presenta o proxecto.

Sr. José Danilo:

eu non teñio problema pa min eh, que a miña se a poñen alí eu pónoa na casa ou eso. Eu no meu problema, o problema eu digo, de todo dios ...

Sr. Alcalde:

si, si,

Sr. José Danilo:

cada un que a poña, que lle alumbe, que non nos pase igual que Burela ou por aquí abaixo, que nos quedemos sen luz, que teñamos luz, é o problema, que á xente que lle alumbe pa diante non pa atrais. Esa é unha cousa que hai que mirar a ver, se hai que modifica

Sr. Alcalde:

en principio tódalas casas que van, tódalas farolas que van no proxecto iban sobre casa, contamos ca autorización, as únicas que non tiñamos autorización eran as dúas, a da vosa casa e a do veciño que o que se trasladou foi eso e foi o que me trasladou a min o técnico municipal. I ben, podémoslle dar unha volta e ver como se pode subsanar eso ou se se pode arranxar dalgún xeito. Pero bueno, esa foi a situación e por iso agora cando van os licitadores miran para o poste, claro, porque é o único sitio onde se podría poñer.

Sr. José Danilo:

Eu estiven cando estivo Belén e despois a muller non me dixo nada.

Sr. Alcalde:

Pero estiveron a posteriori, Danilo.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor, acordan aprobar o punto anteriormente sinalado

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levantou a sesión as trece horas e cincuenta minutos, dá que se extende a presenta acta que asina ~~comigo~~ de todo o que, como Secretaria, dou fe